

Acordo da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de outorgamento das autorizacións administrativas previa e de construción e de declaración de utilidade pública, en concreto, dunha instalación de distribución de enerxía eléctrica no termo municipal da Laracha (expediente IN407A 2023/456-1)

Expediente: IN407A 2023/456-1.

Solicitante/promotor: UFD Distribución Electricidad, SA.

Denominación: Renovación do apoio nº A3OXXNV7//25 da LAMT 15 kV LAR-706 Carballo-Cogeneración Epifanio Campo 6, por fin da súa vida útil.

Termo municipal: A Laracha.

1. Características técnicas:

Modificacións, sen alterar a súa actual traza, do treito da liña LAR-706 autorizado no expediente 27.210, de 516,9 metros de lonxitude en condutor tipo LA-110, comprendido entre os seus apoios nº 23 (matrícula A3VX71I8) de formigón tipo S-AL-HVH-Bóveda-3xCS e nº 27 (matrícula A3LXPKNN) metálico tipo A-AL-C-4500/16-CR-6xCA(CS), consistentes en:

- Substitución, respectando a súa situación actual na parcela con referencia catastral 15042A16100148 sita na parroquia de Cabovilano (San Román), cun lixeiro desprazamento cara ao apoio nº 24 (matrícula A3SDXB1H) de formigón tipo S-AL-HVH-Bóveda-3xCS, do apoio nº 25 (matrícula A3OXXNV7) de formigón, polo novo apoio metálico tipo A-AL-C-2000/14-CR-6xCA(CS).
- Regulación do condutor tipo LA-110 (condutor existente) no treito da liña LAR-706 de 516,9 metros de lonxitude comprendido entre os apoios nº 23 e nº 27 existentes, unha vez substituído o apoio nº 25.

2 Lexislación de aplicación:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).
- Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (BOE núm. 310, do 27 de decembro de 2013).
- Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica (BOE núm. 310, do 27 de decembro de 2000).
- Resolución do 19 de febreiro de 2014, pola que se aproba o procedemento de



autorización administrativa de construción, de acordo co previsto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (DOG núm. 54, do 19 de marzo de 2014).

- Lei do 16 de decembro de 1954, sobre expropiación forzosa (BOE núm. 351, do 17 de decembro de 1954).
- Decreto do 26 de abril de 1957 polo que se aproba o regulamento da Lei de expropiación forzosa (BOE núm. 160, do 20 de xuño de 1957).

A relación concreta e individualizada dos bens e dereitos afectados que se considera de necesaria expropiación figura no anexo que se xunta con este acordo.

A declaración de utilidade pública, segundo o artigo 56 da Lei 24/2013, do sector eléctrico, levará implícita, en todo caso, a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación, para os efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

A documentación estará a disposición das persoas interesadas nas dependencias da Sección de Enerxía da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Industria e Innovación da Coruña (rúa Vicente Ferrer, núm. 2-2º andar, 15071 A Coruña), entre as 9:00 e as 14:00 horas, de luns a venres, así como no taboleiro de anuncios do concello. Ademais, poderá consultarse no Portal de transparencia e goberno aberto desta consellería:

<https://economia.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-electricas-distribucion-e-transporte>

Isto faise público para coñecemento xeral e particular das persoas propietarias dos predios que figuran na relación anexa a este acordo, así como das persoas titulares de dereitos reais ou intereses económicos sobre os bens afectados que fosen omitidos. Poderán examinar a documentación técnica, e no seu caso, achegar as alegacións ou observacións que estimen axeitadas no prazo de 30 días, contados a partir do día seguinte ao da derradeira publicación deste acordo.

A Coruña,
Isidoro Martínez Arca
Xefe territorial



ANEXO: Relación de bens e dereitos afectados – termo municipal da Laracha
Renovación do apoio nº A3OXXNV7//25 da LAMT 15 kV LAR-706 Carballo-Cogeneración Epifanio Campo 6, por fin da súa vida útil

Parcela proxecto	Propietario/titular	Referencia catastral	Paraxe	Afección pleno dominio (CT e/ou apoios)		Natureza do terreo
				CT / Nº do apoio	Superficie (m ²)	
1	Descoñecido	15042A16100148	Agra de Aren	Novo apoio nº 25	2	Labor ou labradío de secaño

